



CONVOCATORIA DE MATRÍCULA
NA
PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á
UNIVERSIDADE
(CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA · SETEMBRO DE 2020)

A RESOLUCIÓN do 26 de febreiro de 2020, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2019/20, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2020/21 (DOG do 9 de marzo de 2020), modificada pola Resolución do 28 de abril de 2020, conxunta da Secretaria Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 6 de maio de 2020), establece que en Galicia as ditas probas estarán reguladas, de forma supletoria, e no que resulte compatible co novo marco normativo, pola Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG Nº 66 do 4 de abril) pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Neste senso, no seu articulado, a dita Orde do 24 de marzo de 2011 establece que o modelo de actuación e a organización das probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao no Sistema Universitario de Galicia (SUG) será competencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Con motivo da situación sanitaria provocada pola COVID19, ditouse o *Real Decreto-ley 21/2020, de 9 de junio, de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19* (BOE do 10 de xuño de 2020).

As recomendacións das autoridades sanitarias dirixidas a reducir a expansión do COVID-19 puxeron de manifesto os beneficios da modalidade de traballo non presencial naqueles postos nos que resulta posible, para reducir a probabilidade de exposición e contaxio por COVID 19.

En consecuencia, e perante a situación de crise sanitaria que estamos vivindo provocada pola COVID-19, é necesario levar a cabo, sempre que sexa posible, todos os trámites relacionados cos procesos de ABAU e PREINSCRICIÓN de 2020 a través de procedementos telemáticos, tal e como recomendan as autoridades sanitarias.

A efectos organizativos, sendo necesario realizar a matriculación do alumnado nas probas de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU), a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) RESOLVEU convocar a Matrícula Anticipada, Ordinaria e Extraordinaria para a realización dos exercicios correspondentes ás ditas probas, na convocatoria extraordinaria [setembro de 2020] conforme ás seguintes bases.

BASES

Primeira

ESTRUTURA DA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

A proba da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) estruturarase en dúas partes denominadas parte obrigatoria e parte voluntaria.

Parte Obrigatoria. A parte obrigatoria está formada polas catro materias xerais do bloque de materias troncais (Lingua Galega e Literatura II, Lingua Castelá e Literatura II, Historia de España II e Primeira Lingua Estranxeira II) e a materia troncal da modalidade elixida (Fundamentos da Arte II, Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II ou Latín II)

Parte Voluntaria. O alumnado que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun máximo de catro materias que elixirá de entre o resto de materias non cursadas na fase obrigatoria, é dicir, poderá elixir 4 de entre as 18 seguintes materias: Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, Fundamentos da Arte II, Física, Xeografía, Cultura Audiovisual II, Química, Grego II, Debuxo Técnico II, Artes Escénicas, Segunda Lingua Estranxeira II (Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués; en calquera caso debe ser elixida unha única lingua distinta da que se cursase como materia xeral do bloque de materias troncais), Bioloxía, Historia da Arte, Xeoloxía, Historia da Filosofía, Economía da empresa e Deseño. A materia troncal de modalidade forma parte das materias da parte obrigatoria e, no caso de que a cualificación desta materia sexa igual ou superior a 5, tamén conta como materia da parte voluntaria.

Os alumnos que cursaron a parte obrigatoria en convocatorias anteriores e só se examinen da parte voluntaria, se elixen unha Segunda Lingua Estranxeira, esta ten que ser distinta da que cursasen como materia xeral do bloque de materias troncais.

O exame de cada materia terá unha duración de 90 minutos cun descanso de 30 minutos entre probas consecutivas, de acordo co horario que figura no Anexo III.

Segunda

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

1.- Poderá presentarse ás probas ABAU (Parte Obrigatoria e Parte Voluntaria)

- a) Alumnado que aprobe o bacharelato establecido na Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro (LOMCE) no curso 2019-20 nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia

- b) Alumnado que aprobou o bacharelato establecido na Ley Orgánica 8/2013 en convocatorias anteriores, nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia e que aínda non teña superada a proba ABAU.
- c) Alumnado que teña superada a proba ABAU en convocatorias anteriores na Comunidade Autónoma de Galicia ou de fóra da CA de Galicia e que acredite a súa adscrición a un centro da CA de Galicia e desexe mellorar a súa cualificación.
- d) Alumnado que teña un título de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) declarado equivalente ao título de bacharelato establecido na Ley Orgánica 8/2013, obtido nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia ou que acredite a súa adscrición a un centro da C.A. de Galicia.

2.- Poderá presentarse ás probas ABAU (Parte Voluntaria)

- a) Alumnado que teña superada a parte obrigatoria en convocatorias anteriores na Comunidade Autónoma de Galicia ou noutra Comunidade Autónoma e que acrediten a súa adscrición a un centro da C.A. de Galicia.
- b) Alumnado de FP que obtivese o título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalente no curso 2019-20 nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia
- c) Alumnado de FP que estea en posesión do título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalente obtido en anos anteriores nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia ou que acredite a súa adscrición a un centro da C.A. Galicia.
- d) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o Estatuto das Escalas Europeas, acordado en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza), e que desexe mellorar a súa cualificación e que acredite a súa adscrición a un centro da C.A. de Galicia.
- e) Alumnado de anos anteriores con acreditación expedida pola UNED para acceder ás Universidades Españolas e que acredite a súa adscrición a un centro da C.A. de Galicia.
- f) Alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros que obtivese a homologación dos seus estudos aos títulos de bacharelato ou de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior español e que acredite a súa adscrición a un centro da C.A. de Galicia.

Terceira

TIPOS DE MATRÍCULA, PRAZOS, PROCEDIMENTO, LUGAR E HORARIO

1.- MATRÍCULA ANTICIPADA



1.1.- PRAZO

O prazo de matrícula para as probas é **do 2 ao 8 de setembro de 2020**.

1.2.- PROCEDIMENTO, LUGAR E HORARIO

A matrícula anticipada realizarase obrigatoriamente a través da aplicación informática **NERTA** (<https://www.edu.xunta.es/nerta>).

Só excepcionalmente e previa cita persoal poderá facerse nos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD) habilitados en cada un dos sete campus de Galicia; cada alumno ou alumna deberá realizar a matrícula no LERD correspondente (véxase o Anexo I).

Para efectuar a matrícula, utilizarase unicamente o impreso oficial que se xerará por medio da aplicación informática **NERTA**.

1.3.- QUEN PODE MATRICULARSE

1.3.1.- Poderase matricular no prazo sinalado para a Matrícula Anticipada o alumnado que obtivese en anos anteriores ao curso 2019-2020 ou na convocatoria ordinaria do curso 2019-2020 o título de Bacharelato ou un título declarado equivalente ou o título de Técnico Superior de FP, Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior español ou declarado equivalente e se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Alumnado que teña aprobado o bacharelato ou un título equivalente e que non superase a proba ABAU deberá matricularse obrigatoriamente da parte obrigatoria (das 5 materias) da ABAU e, se o desexa, da Parte Voluntaria da dita proba.
- b) Alumnado que teña aprobado o bacharelato ou un título equivalente e que xa superase a proba ABAU poderá matricularse da parte obrigatoria (das 5 materias) da ABAU e/ou da Parte Voluntaria.
- c) Alumnado de FP que estea en posesión do título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalentes poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU.
- d) Alumnado en posesión do título de Bacharelato Europeo que acredite a súa residencia en Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU.
- e) Alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros que obtivese a homologación dos seus estudos aos títulos de bacharelato ou de Técnico Superior de FP, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior español e que acredite a súa residencia na C.A. de Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU.
- f) Alumnado procedente de sistemas educativos da UE ou equivalentes que estea en posesión da credencial de acceso expedida pola UNED e que acredite a súa residencia na C.A. de Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU.

2.- MATRÍCULA ORDINARIA

2.1.- PRAZOS, LUGAR, HORARIO E PROCEDIMENTO



1º) O alumnado deberá realizar a **matrícula** nos centros correspondentes de Educación Secundaria (tanto de Bacharelato como dos Ciclos Formativos de Grao Superior), **do 3 ao 8 de setembro**.

Para efectuar a matrícula, utilizarase unicamente o impreso oficial que se xerará por medio da aplicación informática NERTA.

2º) Os centros de Educación Secundaria (tanto de Bacharelato como dos Ciclos Formativos de Grao Superior) enviarán electronicamente ao LERD correspondente a documentación **o 8 de setembro**.

2.2.- QUEN SE PODE MATRICULAR

Poderá matricularse no prazo de Matrícula Ordinaria, as persoas que se atopen na seguinte situación:

- a) Alumnado de centros da C.A. de Galicia que superase o Bacharelato na convocatoria extraordinaria de setembro de 2020.
- b) Nos termos establecidos no punto Cuarto da *Resolución de 10 de marzo de 2020, (BOE núm. 78, de 21 de marzo) conjunta de la Secretaría de Estado de Educación y la Secretaría General de Universidades, por la que se establecen las adaptaciones de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad a las necesidades y situación de los centros españoles situados en el exterior del territorio nacional, los programas educativos en el exterior, los programas internacionales, el alumnado procedente de sistemas educativos extranjeros y las enseñanzas a distancia, en el curso 2019-2020*, o alumnado de centros da C.A. de Galicia que obteña a dobre titulación de Bacharelato español e de Baccalauréat francés na convocatoria de setembro de 2020. O alumnado con título de Baccalauréat francés titulado no presente curso 2019-2020, pode matricularse só da Fase Voluntaria da proba ABAU-2019-20 organizada pola CiUG.

3- MATRÍCULA EXTRAORDINARIA

Poderá matricularse no prazo de Matrícula Extraordinaria, o día 14 de setembro (das 9.00 ás 14.00 h. exclusivamente a través do sistema informático NERTA), o alumnado de centros de Galicia que aprobe o segundo curso de Bacharelato despois da resolución emitida pola Dirección Xeral das reclamacións ás cualificacións do Bacharelato da convocatoria extraordinaria do curso 2019-2020.

Cuarta

DOCUMENTOS PARA REALIZAR A MATRÍCULA E REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

1.- MATRÍCULA ANTICIPADA

O alumnado dos Centros da C.A. de Galicia que ten os seus datos académicos informatizados na aplicación NERTA só deberá aboar os prezos de matrícula na entidade

bancaria, dentro do prazo do **2 ao 8 de setembro** para figurar como matriculado na convocatoria extraordinaria.

O alumnado con dereito a exencións debe enviar copia do pagamento e da xustificación da exención por correo electrónico ao Lerd correspondente, tamén dentro do prazo do **1 ao 8 de setembro**.

O alumnado que non ten os seus datos académicos informatizados na aplicación NERTA, deberá darse de alta como usuario en NERTA e despois enviar por correo electrónico ao LERD correspondente a seguinte documentación:

1.1.- Documentos comúns para o alumnado que **non ten os seus datos académicos informatizados** na aplicación NERTA:

- i. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
- ii. Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.
- iii. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU).

1.2.- Documentos específicos:

a) Alumnado dos centros de Bacharelato da C. A. de Galicia que obtivese o título de Bacharelato en anos anteriores, pero non se presentase anteriormente ás probas de acceso á universidade (PAU ou ABAU):

- i. Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o seu depósito.
- ii. Certificación expedida polo centro na que consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

Nota. Este alumnado presentarse á proba de acceso polo mesmo centro no que cursase o segundo curso do Bacharelato, a non ser que solicítase á Inspección Educativa presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

b) Alumnado dos centros de Bacharelato de fóra da C. A. de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe mellorar a súa cualificación:

- i. Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da PAU ou da ABAU.
- ii. Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que acredite a súa adscrición a un Centro da C.A. de Galicia.

c) Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) en posesión do título de Bacharelato ou equivalente:

A. Alumnado de PREU, COU e LOXSE

- i. Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo

acreditativo de ter efectuado o seu depósito.

- ii. Certificación expedida polo centro na que consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

Nota. O alumnado de PREU, COU e Bacharelato LOXSE presentarase á ABAU polo mesmo centro no que cursase PREU, COU e/ou segundo curso do Bacharelato, a non ser que solicitase anteriormente á Inspección Educativa presentarse polo centro mais próximo ao seu lugar de residencia.

B. Alumnado de Música e Danza

- i. Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que acredite a súa adscrición a un Centro da C.A. de Galicia.
- ii. Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.
- iii. Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3º Ciclo de Música ou Danza.

d) Alumnado de FP que estea en posesión do título de Técnico Superior (TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo Superior ou equivalentes) e desexe realizar a Parte Voluntaria da ABAU:

- i. Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que será facilitado pola CiUG aos centros.
- ii. Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

O alumnado deste apartado que proveña de centros de fóra da C. A. de Galicia deberá achegar ademais:

Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.

- iii. Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que acredite a súa adscrición a un Centro da C.A. de Galicia.

e) Alumnado en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio que se establece o Estatuto de Escolas Europeas, acordado en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza) e desexe realizar a Parte Voluntaria da ABAU:

- i. Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade.
- ii. Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que acredite a súa adscrición a un Centro da C.A. de Galicia.

f) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ou homologados ao título



de Bacharelato ou aos Títulos Superiores de F. P., de Artes Plásticas e Deseño, ou de T. Deportivo Superior do Sistema Educativo Español procedente de sistemas educativos estranxeiros, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU) mediante a realización da Parte Voluntaria da ABAU:

- i. Homologación do título, diploma ou estudo obtido en sistemas educativos estranxeiros ou credencial expedida pola UNED na que conste a nota de acceso á universidade (NAU).
- ii. Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que acredite a súa adscrición a un Centro da C.A. de Galicia.

2.- MATRÍCULA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Documentos comúns para todo o alumnado sinalado no punto 2.2.e 3 da base terceira :

- i. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
- ii. Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.

Os centros que fagan un pagamento global por varios estudantes deben marcar na aplicación NERTA a realización do pagamento para o alumnado afectado e enviar por correo electrónico ao LERD correspondente o certificado de matrícula xerado por NERTA e un documento Excel indicando para cada alumno o seu NIF, Apelidos e Nome e cantidade aboada.

O alumnado con dereito a exencións debe enviar copia da documentación que acredite a dita exención ao LERD correspondente por correo electrónico

- iii. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU).
- iv. Fotocopia do Título de Bacharelato LOMCE ou LOE / Baccalauréat francés ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o seu depósito. Co fin de axilizar o proceso, estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos e alumnas fixeron xa o depósito do título do Bacharelato.

Os/as representantes dos centros acompañarán a matrícula dunha listaxe de alumnos matriculados na ABAU con indicación do DNI, apelidos e nome, exención de Lingua Galega e Literatura II (se é o caso) e importe das taxas aboadas ou, no seu caso, xustificante de exención. Este listado poderá ser xerado a través da aplicación informática NERTA.

3.- REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

- 1) A documentación asinada dixitalmente e con Código Seguro de Verificación (CSV) pode



enviarse por correo electrónico ao LERD correspondente.

2) De conformidade co disposto *no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, os documentos que se dirixan á CIUG, ademais de nos LERD indicados no Anexo 1, poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos Rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
- b) Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
- c) Nos Rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
- d) Nas oficinas de Correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
- e) Nas Representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

3) COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA

Só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:

- a) Rexistros relacionados no apartado anterior.
- b) Unidade administrativa na que se tramita o expediente.
- c) Organismo español que expediu o documento.
- d) Notarios españois.
- e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Nota. Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. No caso de seren presentados documentos sen a compulsas recoñecida, a unidade administrativa que ten encomendada a tramitación requirirá a presentación do orixinal para a súa comprobación. Tamén se requirirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsas ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

Quinta

PREZOS PÚBLICOS, EXENCIÓNS E AXUDAS

O aboamento do prezo da matrícula para as probas ABAU farase no impreso establecido para tal efecto.

De conformidade co disposto no Decreto 73/2019, do 4 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2019-2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (DOG nº 131 do xoves, día 11 de xullo de

2019), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de 63,67 euros.

EXENCIÓNS no pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos

Serán de aplicación as exencións establecidas no artigo 12 do Decreto 73/2019, do 4 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2019-2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (DOG nº 131 do xoves, día 11 de xullo de 2019):

Familia numerosa - Categoría Xeral	31,84 euros
Familia numerosa - Categoría Especial	Gratuíta
Persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero	Gratuíta
AXUDAS	
Persoal das Universidades do SUG	Gratuíta

Nota

- (1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa vixente no momento da matrícula (Resolución do 03.04.2020 da Dirección Xeral de Familia, prorrógase a vixencia dos títulos e carnés de Familia Numerosa expedidos pola CA de Galicia, ata 3 meses despois do levantamento do Estado de Alarma).
- (2) A condición de persoa con discapacidade ($\geq 33\%$), de vítima de acto terrorista acreditarase coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñece a condición correspondente. Esa acreditación deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado, vixente nese momento para que teña eficacia.
- (3) A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da matrícula mediante o documento acreditativo da dita condición que deberá estar adoptado ou emitido no prazo de 5 anos inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.
- (4) AXUDAS para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos. Serán beneficiarias das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das *Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos* de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico:
 - Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos/as, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta.
 - A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de



Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos/as, ademais, por medio da fotocopia cotexada do Libro de Familia. A situación que dá dereito á axuda deberá estar vixente no momento da matrícula.

Sexta

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE MATRICULADOS

O 8 de setembro farase pública a listaxe de alumnado matriculado na convocatoria extraordinaria 2019-2020. O alumnado deberá revisar os seus datos podendo interpoñer, no seu centro, reclamación ata as 14.00 horas dese día se detecta algún erro

A partir do 8 de setembro o alumnado poderá consultar en NERTA a súa matrícula na ABAU.

Sétima

EXAMES. COMISIÓNS DELEGADAS E CENTROS DE SECUNDARIA QUE AS INTEGRAN

O alumnado matriculado nestas probas convócase para realizar os correspondentes exercicios formando grupos, integrado cada un deles por centros de ensino secundario e distribuídos por Comisións Delegadas segundo se indica no Anexo II que será publicado na Páxina WEB da CiUG.

Oitava

CALENDARIO E HORARIO DOS EXAMES

Os exames terán lugar os días 15, 16 e 17 de setembro, en xornada de mañá e tarde, e no horario que se indica no Anexo III.

Novena

PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AOS EXAMES E NORMAS DE REALIZACIÓN

Todo o alumnado deberá acudir ao acto de presentación o primeiro día (15 de setembro) das probas ás 9.00 horas da mañá e despois presentarse a realizar os exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles. O alumnado que só se examine da parte voluntaria e non teña erros na súa matrícula debe presentarse no momento de realizar os exames correspondentes.

Para realizar os exames, o alumnado deberá levar consigo:

- DNI ou documento identificativo (pasaporte, permiso de residencia etc).
- Resgardo de Matrícula e xustificante de pago



- Bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra.
- Material axeitado para realizar o exercicio correspondente á materia de Debuxo técnico II e Deseño, así como o dicionario de latín-español ou grego-español e unha calculadora (véxanse as indicacións máis abaixo).

En función da situación sanitaria do momento a CiUG fará pública na súa páxina Web un protocolo con instrucións sobre os requirimentos que debe cumprir o alumnado para acceder aos lugares de exame.

No momento da presentación, o tribunal asignaralle un posto de exame a cada alumno/a.

ERROS NA MATRÍCULA DA ABAU

O alumno ou alumna que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU deberá comunicarllo ao/á presidente/a da correspondente comisión delegada na hora da presentación (de 9.00 a 10.00 horas do día 15 de setembro), mediante unha solicitude no formulario oficial que estará a disposición do alumnado na sede da comisión delegada.

Unha vez finalizada a hora de presentación do primeiro día das probas, non se permitirá ningún cambio. Á alumna ou alumno que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula ou na solicitude de cambio de matrícula que se lle entregase ao presidente/a da comisión delegada, **anularáselle o exame** da materia ou materias que non figuren na súa matrícula ou na súa solicitude de cambio.

REALIZACIÓN DOS EXAMES

Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que o identifica. As etiquetas de identificación son persoais e intransferibles.

É fundamental o bo coidado destas etiquetas de identificación. Non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito para evitar a súa deterioración e as posibles dificultades de identificación. Recoméndase tamén que non se deixen nas aulas nin ao alcance de persoas estrañas.

Todo o alumnado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos auditivos non permitidos.

ANONIMATO

Os exames son anónimos e **non poden asinarse** nin deberán presentar marcas de ningún tipo (fluorescentes, subliñados en cor etc.) que poidan permitir unha eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.

CADERNO DE EXAMES

En cada unha das probas entregaráselle a cada estudante un caderno de exame formado por dúas follas A3 (unha páxina de portada e sete páxinas A4 en branco) e unha cabeceira adhesiva. Para redactar as respostas o alumnado pode utilizar as sete páxinas en branco.

En cada exercicio só se pode utilizar un único caderno de exame, ao que non se lle poderán arrincar nin engadir follas.

Cada exercicio presenta varias preguntas, sendo todas susceptibles de ser elixidas. En



cada exercicio indicárase o número de preguntas que se deben responder. O alumno debe indicar claramente as preguntas ás que vai responder e non poderá responder a máis preguntas das sinaladas no texto inicial do exame. Se responde a máis preguntas das solicitadas, só se corruxirán as primeiras respondidas, de acordo co número indicado no enunciado inicial dos exames.”

Non se poderá abandonar a aula ata transcorrer media hora (30 minutos) desde o comezo de cada exercicio. Tras a distribución dos exames, todas as persoas (alumnos/as, vogais da comisión delegada e representantes de centro) deberán permanecer na aula na primeira media hora de cada exame. Quedan excluídos desta obriga as presidencias e as secretarías das comisións delegadas e, de ser o caso, os membros da Comisión Delegada que autorice a presidencia, así como os delegados/as dos Reitores na CiUG.

O acceso de alumnado á aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.

Os exames deberán entregárselle a un membro do tribunal para que comprobe que cumpren as condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

Se un/unha estudante non se presenta a algún dos exercicios da parte obrigatoria da ABAU, na cualificación correspondente figurará NON PRESENTADO (NP) e para os efectos do cálculo da nota media o exame computará como 0.

MATERIAL ESPECÍFICO PERMITIDO

Dicionarios

- Exame de Latín II. No exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de latín-español/galego e permitirase o uso dos seus apéndices gramaticais, pero non daquelas páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao castelán ou ao galego. Neste caso deberase comunicar aos membros da Comisión Delegada e gramparanse ou separaranse as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.
- Exame de Grego II. No exame de Grego II poderá utilizarse calquera dicionario de grego-español/galego e o seu apéndice gramatical.

Nota. Os/as vogais das comisións delegadas poderán revisar os apéndices gramaticais para comprobar que non hai anotacións. De detectarse anotacións nestes, instarase o alumno ou alumna a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

Calculadoras

Poderase utilizar a calculadora exclusivamente nos exercicios de Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, Física, Química e Economía da empresa.

- Permitirase usar calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica.
- Non poderá haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas.

- No caso de dúbida sobre a validez dun determinado modelo de calculadora, o tribunal requiriralle ao alumno ou alumna a calculadora para valorar as súas características. De comprobarse que a calculadora é programable ou con capacidade gráfica, retiráselle e non se lle permitirá usar outro dispositivo aínda que este cumpra os requisitos.

MATERIAL NON PERMITIDO

Non está permitido o uso de reloxos, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.

Os/os vogais das comisións delegadas terán especial coidado en que no posto de exame o alumnado non teña consigo estes dispositivos electrónicos, agás as calculadoras non programables e sen capacidade gráfica permitidas.

A presenza de material non permitido no posto de exame será motivo de medida disciplinaria, o/a alumno/a deberá saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

COPIA E SANCIÓN S

No caso de que un membro do tribunal detecte algún alumno ou alumna copiando ou non respectando estas instrucións, despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos. Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán e que poden implicar a anulación total das súas probas da ABAU.

Décima

PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓN S

As cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas na Internet o día 24 de setembro, a partir das 20.00 horas.

O día 30 de setembro faranse públicas as cualificacións definitivas despois da resolución das solicitudes de revisión (a partir das 20:00 horas). O alumnado disporá de tarxeta de cualificación definitiva a partir desta data.

As tarxetas de cualificación estarán marcadas como provisionais mentres o alumnado exerza ou teña dereito a exercer as posibilidades de revisión da súa cualificación.

Os centros de ensino secundario poderán consultar e imprimir unha copia da acta de cualificacións da ABAU correspondente ao seu centro directamente a través da aplicación informática NERTA.

Undécima

ENTREGA DAS TARXETAS DE CUALIFICACIÓN

O día 24 de setembro, enviarase por correo electrónico ao alumnado a súa Tarxeta de Cualificación da ABAU asinada dixitalmente.

Finalmente, o día 30 de setembro enviarase por correo electrónico ao alumnado que solicitou revisión a súa Tarxeta de Cualificación da ABAU asinada dixitalmente coa modificación de nota despois do prazo de revisión das cualificacións

Para poder enviar a Tarxeta de Cualificación da ABAU é necesario ter rexistrado un correo electrónico válido en NERTA.

O alumnado que non rexistrase un correo electrónico válido en NERTA poderá solicitar a Tarxeta no seu centro de bacharelato.

Duodécima

REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

O alumnado, pais, nais ou titores/as legais poderán solicitar a revisión da cualificación obtida nun ou en varios exames no prazo de tres días contados a partir da data de publicación das cualificacións. Neste proceso de revisión as modificacións das cualificacións poden ser tanto á alza como á baixa.

- 1.- PRAZO. O prazo de presentación destas solicitudes de revisións será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións: 25 a 29 de setembro (ata as 14:00h. do 29 de setembro)
- 2.- SOLICITUDE. As solicitudes de revisión deberán facerse a través da aplicación informática NERTA, empregando o correspondente código de acceso. O alumnado deberá gardar copia da súa solicitude en calidade de resgardo e xustificación de presentación desta.
- 3.- PROCEDIMENTO. No proceso de revisión procederase do seguinte xeito:
 - a) En primeiro lugar, analizarase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa.

A cualificación provisoria obtida (identificada como P) pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal (identificada tamén como P).
 - b) Deseguido, un/ha novo/a corrector/a, distinto/a ao/á que efectuou a primeira corrección, realizará unha segunda corrección. Se esta segunda cualificación (identificada como S) supón unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente $(S+P)/2$.
 - c) No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro profesor/a especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección (identificada como T). Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente $(P+S+T)/3$.

Contra a resolución adoptada pola CiUG, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da

publicación ante a propia CiUG. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou se produza o acto presunto.

ACCESO E CONSULTA DOS EXAMES REVISADOS

O alumnado e, se é o caso, os pais, nais ou titores legais terán dereito a ver as probas revisadas unha vez finalizado o proceso de revisión (Art. 10.3 do RD 310/2016 de 29 de xullo). Para a consultas dos exames poderá facerse a solicitude entre o 1 e o 5 de outubro (ata as 14:00h.) presentando o formulario correspondente nun dos LERDs do Anexo I. Os exames revisados poderanse ver o 9 de outubro no lugar e horario que se indicará na páxina Web da CiUG .

Décimo terceira

COMISIONS PARA ALUMNADO CON DISCAPACIDADE OU CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Dependendo do número e tipo de solicitudes, así como da natureza da adaptación necesaria, os exames para o alumnado con discapacidade e/ou con necesidades específicas de apoio educativo matriculado na Proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade no Sistema Universitario de Galicia que expresamente o solicite e o acredite convenientemente segundo o Procedemento de actuación establecido pola CiUG levaranse a cabo, única e exclusivamente, nas seguintes Comisións Delegadas:

- Comisión Delegada 25: no Centro de ensino C.R.E. Santiago Apóstolo-ONCE (Rúa Luís Braille, nº 40 – 36003 Pontevedra)
- Santiago de Compostela: Comisión Delegada nº 02 con sede na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus Norte, USC).
- Lugo: Comisión Delegada nº12 con sede na E. U. de Estudos Empresariais (Avda. Alfonso X O Sabio, USC).
- Coruña: Comisión Delegada nº 06-07 con sede na Facultade de Informática (Campus de Elviña, UDC).
- Ferrol: Comisión Delegada nº 10 con sede na Escola Politécnica Superior (Campus Esteiro, UDC)
- Ourense -.Comisión Delegada nº 15 con sede na Facultade de Dereito (Campus As Lagoas, UVigo)
- Vigo: Comisión Delegada nº 19 con sede na Facultade de Filoloxía e Tradución (Campus Lagoas-Marcosende, UVigo)
- Pontevedra: Comisión Delegada nº 23 con sede na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus da Xunqueira, UVigo).

Para poder dispoñer das medidas indicadas neste procedemento, o estudante deberá comunicalo á CiUG e enviar a documentación requirida na súa páxina Web



(<https://ciug.gal/PDF/anexosweb19.pdf>) antes do día 3 de setembro e acudir obrigatoriamente á sede daquela Comisión Delegada -das arriba indicadas- que se lle indique na comunicación enviada ao centro.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2020

O Presidente da CiUG

Asdo.: Luis Muñoz López

ANEXO I

Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERDs)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



- LERD 1 Campus de Santiago de Compostela
Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º andar-Campus Vida- 15782 Santiago de Compostela
INFORMACIÓN OIU: 881 812 000 / 881 811 000
Fax: 881 814 855 // Correo: sxa@usc.es

• LERD 2 Campus de Lugo
Edificio Biblioteca Intercentros, planta baixa - Campus Universitario
27002 Lugo
Tel: 982 285 900, extensións: 23577 / 23579 / 23578
Fax: 982 823560 // Correo: sxa.lugo@usc.es

UNIVERSIDADE DE CORUÑA



- LERD 3 Campus de Elviña - A Coruña
Pavillón de estudantes - Campus de Elviña
15192 A Coruña
Tel. 881.167.000 ext: 1190/11192 // Correo: lerdcoruna@udc.es

- LERD 4 Campus de Ferrol
Campus de Esteiro - Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa
15403 Ferrol
Tel: 981.337.451 // Correo: lerdfer@udc.es

UNIVERSIDADE DE VIGO



- LERD 5 Campus de Vigo- SIE
Edificio Miralles - Campus Universitario-Lagoas Marcosende
36310 - Vigo
Tel: 986.813.630 / 986.813.755
Fax: 986.813.639 // Correo: sie@uvigo.es

- LERD 6 Campus de Ourense
Unidade Administrativa - Area de Servizos á Comunidade
Campus As Lagoas - 32004 Ourense
Tel: 988.387.102
Fax: 988.387.165 // Correo: asc-ou@uvigo.es

• LERD 7 Campus de Pontevedra
E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal - Area de Servizos á Comunidade
Campus A Xunqueira - 36005 Pontevedra
Tel.: 986.801949
Fax: 986.802060 // Correo: asc-po@uvigo.es



ANEXO II

Relación de Comisi3ns Delegadas coa asignaci3n dos Centros de Secundaria que corresponden a cada unha delas.

ANEXO III HORARIO

	MARTES – 15 DE SETEMBRO	MÉRCORES – 16 DE SETEMBRO	XOVES – 17 DE SETEMBRO
9:00 – 10:00	Presentación	9:00 – 10:30	Lingua Galega e Literatura II - Bioloxía - Historia da Arte
10:00 – 11:30	Historia de España	10:30 – 11:00	Descanso
11:30 – 12:00	Descanso	11:00 – 12:30	Primeira Lingua Estranxeira II - Física - Xeografía - Cultura Audiovisual II
12:00 – 13:30	Lingua castelá e Literatura II	12:30 – 13:00	Descanso
13:30 – 15:30	Descanso	13:00 – 14:30	- Matemáticas II - Latín II
15:30 – 17:00	- Matemáticas Aplicadas CC.SS - Fundamentos da Arte II	14:30 – 16:00	Descanso
17:00 – 17:30	Descanso	16:00 – 17:30	- Debuxo Técnico II - Artes Escénicas - Segunda Lingua Estranxeira II
17:30 – 19:00	- Economía da empresa - Deseño	17:30 – 18:00	Descanso
		18:00 – 19:30	- Química - Grego II
			Incidencias non previstas